



## O padre Seixas desde dentro. Unha aposta progresista, galeguista e universalista

---

M. Cabada Castro, Ed. SEPT, Vigo, 2013

Este novo libro do xesuíta de Sabucedo, agora residente en Vigo, Manuel Cabada Castro, ten unha inmediata e especial significación que cómpre subliñar antes que nada. Nel amósanos en acto, na súa viva realización, unha realidade cada vez menos presente na Igrexa galega: a aposta persoal dun relixioso xesuíta que opta por vivir o seu ministerio sinceramente encarnado no cerne da cultura galega. Esta encarnación toma forma nos tempos especialmente convulsos do tardo-franquismo cunha implicación exemplar nos movementos de vangarda obreira. Sempre a carón dos marxinaos e cunha clara conciencia de pioneiro, de explorador, de innovador que vai abrindo camiños que logo outros percorreren tras el. Galeguismo eclesial, irrefreable e insistente pulo misionero, implicación social e transformación política son os eixos máis

visibles da presenza pública de Xaime Seixas Subirá, SJ. tanto en Galicia (na Coruña, en Santiago e, sobre todo, en Vigo) coma na República Dominicana, terra de misión literalmente soñada polo Padre Seixas, para estar e vivir entre aqueles negros oriúdos da África escravizada e espoliada polo imperalismo occidental.

O acerto indubidable do libro de Cabada, sempre tan preciso e coidadoso no manexo da documentación e da bibliografía, consiste en achegarnos ao transfondo existencial, á intimidade persoal, á interioridade invisible que explica e anima ese tipo de presenza pública tan activa e singular. E aí non hai máis que testemuños de oración en prosa e poesía. Mesmo na súa correspondencia con superiores e provinciais non atopamos máis que esa busca permanente da vontade de Deus. Busca que non se fai sen

insistencia pola parte de Seixas —que quere ir, si ou si, ao Caribe dos negros en evanxélica misión— pero tamén aceptando con paciencia e resignación as limitacións das enfermidades e as prioridades estratéxicas dos provinciais. Tamén Galicia é terra de misión. Cómpre subliñalo: tras da súa aposta polos obreiros maltratados non hai máis que as benaventuranzas do Evanxeo. Tras do seu intenso e sinxelo galeguismo non hai máis que fidelidade á encarnación da Palabra de Deus. Tras da súa apertura aos negros escravizados non hai máis que a realización dun soño infantil —unha revelación interior—maturado posteriormente nas oracións escritas en escondida e íntima conversa con Deus. Manuel Cabada achéganos ao Padre Seixas *desde dentro*.

Haberá quen diga que a poesía de Seixas non ten unha alta calidade literaria; que o seu galeguismo ten certos acentos folcloristas; que a teoloxía das súas homilías non era tan renovada e mesmo que a súa concepción da misión era máis tradicional do que parece. Tales consideracións esquecen o máis importante: a superación das li-

mitacións da circunstancia son as que, precisamente, fan máis grande a obra dunha persoa. A poesía de Seixas é a dun home de acción; o seu galeguismo é tan espontáneo como rexo; a súa teoloxía ten a agudeza directa dos profetas sociais; a súa concepción da misión é auténtica na súa opción preferencial polos marxidados do momento. Cómpre non idealizar pero tampouco caer no erro de xulgar a figura de Seixas con criterios anacrónicos. Haina que coller, tal e como foi, en todos os seus acertos dentro das súas limitacións. É doado sinalar límites ollando o pasado; o difícil é acertar nas opcións vitais no propio presente. Nese eido Seixas é un auténtico mestre que as vindeiras xeracións non podemos esquecer.

O libro de Cabada loita, xa que logo, contra o esquecemento. É tamén contra un prexuízo amplamente estendido. Para as novas xeracións, nadas xa en democracia cun Estatuto de Autonomía estudado nos libros da EXB, a Igrexa, como institución pública, é percibida, no conxunto do Estado español, como un axente político moi activo vinculado á ideoloxía da

dereita e, en Galicia, ademais diso, como un claro factor de desgaleguización, ao facer do castelán lingua maiormente utilizada na liturxia e na evanxelización. Este libro de Cabada –tan ben escrito e estruturado como todos os del– dinos que nin sempre foi así nin debe ser así. Seixas foi o primeiro en celebrar oficialmente unha misa en galego. Tivo un papel especial na aparición e consolidación de SEPT e contactou e animou a toda unha xeración de activistas culturais e políticos sen os cales non é posible comprender o presente da sociedade galega. Hai, pois, un camiño aberto por grupos e personaxes senlleiros da Igrexa galega no que, no fondo, se xoga hoxe a súa credibilidade externa e interna. Se apos-

tamos hoxe, como fixo Seixas onte, por unha Igrexa que viva ao lado dos marxinados, en galego e aberta ao mundo, talvez as novas xeracións poidan ollar mañá cunha mirada renovada o que o Evanxeo anunciado por esa Igrexa lles teña que dicir. Todos estamos chamados a implicármonos nese proceso de reactivación dos movementos desenvolvidos nos tempos do esquecido Concilio Pastoral de Galicia. Porén, é mérito de Manuel Cabada Castro achegarnos minuciosamente á necesaria figura do Padre Seixas como clave para comprender o que naquel tempo aconteceu e para enxergar mellor o momento histórico no que nos atopamos.

**Pedro Castelao**